

EXP. 378/2024

**PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A
ADXUDICACIÓN DA EXPLOTACIÓN DO BAR DAS PISCINAS MUNICIPAIS DE
TOÉN DURANTE A TEMPADA DE VERÁN 2024**

CLÁUSULA PRIMEIRA. Obxecto, xustificación das necesidades a satisfacer e cualificación

O obxecto do contrato é a explotación do bar das piscinas municipais, situadas en Ribadela s/n, Toén, durante a tempada de verán 2024, cuxa codificación é CPV 55410000.

A contratación deste servizo xustifícase na conveniencia de que as persoas usuarias das piscinas municipais dispoñan do servizo de bar nas propias instalacións.

Dada a natureza da prestación obxecto deste contrato non é posible a súa división por lotes.

O contrato definido ten a cualificación de contrato administrativo especial, tal e como establece o artigo 25.1.b) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).

CLÁUSULA SEGUNDA. Procedemento de selección e adxudicación

A forma de adxudicación do contrato da explotación do bar das piscinas municipais será o procedemento aberto, tramitación urxente, no que todo/a empresario/a interesado/a poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato.

Para a valoración das proposicións e a determinación da mellor oferta atenderase a varios criterios de adxudicación, de conformidade co establecido na cláusula décima deste prego.

A tramitación deste procedemento realizarase de forma totalmente electrónica a través do Sistema de Licitación Electrónica da Xunta de Galicia (SILEX) accesible desde a seguinte dirección web www.conselleriadefacenda.es/silex.

CLÁUSULA TERCEIRA. Perfil do contratante

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á súa actividade contractual, e sen prexuízo da utilización doutros medios de publicidade, este concello conta co seguinte perfil do contratante, aloxado na Plataforma de Contratación da Xunta de Galicia: <https://www.contratosdegalicia.gal>.

CLÁUSULA CUARTA. Importe do contrato

Debido ás obrigas que asume o adxudicatario complementarias á propia explotación do bar, non se prevé contraprestación económica para o Concello, sen prexuízo da que poidan ofertar os/as licitadores/as. A persoa contratista retribuirase con cargo aos ingresos que xere a explotación do bar.

CLÁUSULA QUINTA. Duración do contrato

A duración do contrato está vinculada ao período de apertura ao público das instalacións das piscinas municipais de Toén. Para a tempada de verán 2024 o período previsto de apertura é do 24 de xuño ao 1 de setembro, ámbolos dous incluídos.



CLÁUSULA SEXTA. Horario do bar e servizos que se van prestar

O adxudicatario deberá axustar o horario da explotación do bar ao horario global da piscina. Non está permitido manter aberto o servizo en horario nocturno máis aló da finalización das actividades propias da piscina. O bar deberá estar aberto ao público os días nos que están abertas ao público as instalacións, incluídos os domingos e festivos.

Queda terminantemente prohibida a realización de actividades ou celebracións de carácter privado nas instalacións. Para os servizos ou celebracións externas á programación das actividades da piscina deberán solicitar permiso por escrito ó Concello, con alomenos unha semana de antelación.

Os prezos das consumicións deberán contar coa supervisión do Concello tanto para a súa implantación como para a súa variación. A listaxe de prezos deberá estar exposta ao público.

A explotación figurará a todos os efectos, a nome do/a adxudicatario/a, quen terá a obriga de pagamento de todos os impostos e taxas ao que estea suxeita a actividade.

Os gastos de subministración de auga e enerxía eléctrica, correrán a cargo do Concello como titular das instalacións.

Todo o persoal contratado que preste os seus servizos no local deberá posuír o carné de manipulador de alimentos e o/a adxudicatario/a deberá estar dado de alta no Imposto sobre actividades económicas e na Seguridade Social na data de finalización do prazo de presentación da documentación para participar na licitación.

Os servizos que se teñen que prestar con carácter obrigatorio son os seguintes:

- Servizo de cafetaría e de bebidas.
- Coidar o bo estado do servizo.
- Tomar todas as medidas sanitarias que estableza a lexislación vixente para explotacións deste tipo.
- Levar a cabo a limpeza dos vestiarios das piscinas e dos aseos diariamente, ou cando fose necesario ao longo do horario de apertura das instalacións.
- Recoller o lixo das papeleiras e do chan en todo o recinto e depositalo nos colectores do servizo municipal de recollida de lixo, diariamente, ou cando fose necesario ao longo do horario de apertura das instalacións.
- Levar o control do acceso ao recinto das instalacións, incluído o cobro da taxa municipal de entrada. A recadación será ingresada diariamente na conta municipal. A estes efectos, obrígase a que unha das persoas que preste servizos no local se encargue con carácter prioritario deste servizo.

CLÁUSULA SÉTIMA. Acreditación da aptitude para contratar

Poderán participar na licitación as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, acrediten a súa solvencia económico-financieira e técnica nos termos previstos neste prego e non estean incursoas en ningunha das causas de prohibición para contratar co sector público do artigo 71 da LCSP e dispoñan da habilitación empresarial ou profesional necesaria para a execución da prestación que constitúe o obxecto deste contrato (artigo 65 da LCSP).



Así mesmo poderán concorrer á licitación as unións de empresarios que se constitúan temporalmente ao efecto, sen que sexa necesaria a formalización das mesmas en escritura pública, de acordo co establecido no artigo 69 da LCSP.

A estes efectos as empresas que compoñen a unión de empresarios deberán indicar nomes e circunstancias das que a constitúan, debendo presentar cada unha delas a documentación esixida neste prego.

A inscrición no rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do Estado ou da Comunidade Autónoma de Galicia acreditará, a teor do nel reflectido e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude en canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, solvencia económico-financeira e técnica, clasificación e demais circunstancias inscritas, así como a concorrencia ou non das prohibicións para contratar que deban constar no mesmo.

A proba do contido do rexistro efectuarase mediante certificación do órgano encargado do mesmo.

No resto dos casos, a acreditación da aptitude para contratar xustificárase do seguinte xeito:

1. A **capacidade de obrar** do empresario acreditarase:
 - a) Das **persoas físicas**, mediante o NIF ou documento que o substitúa.
 - b) Dos empresarios que sexan **persoas xurídicas**, mediante a escritura ou documento de constitución, os estatutos ou o acto fundacional, en que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, se é o caso, no rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.
 - c) Dos empresarios **non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea**, pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.
 - d) **Dos demais empresarios estranxeiros**, co informe da misión diplomática permanente de España no Estado correspondente ou da oficina consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.
 - e) Cando a proposición non apareza asinada polo licitador, deberá incluírse o **poder** outorgado a favor de quen subscribe a proposición, xunto cunha copia do DNI do apoderado.
2. A proba, por parte dos empresarios, de **non estaren incursos nalgunha das prohibicións para contratar** do artigo 71 da LCSP poderá realizarse:
 - a) Mediante un testemuño xudicial ou unha certificación administrativa, segundo os casos. Cando o dito documento non poida ser expedido pola autoridade competente, poderá ser substituído por unha declaración responsable outorgada ante unha autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional cualificado.
 - b) Cando se trate de empresas de **Estados membros da Unión Europea** e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá tamén substituírse por unha declaración responsable, outorgada ante unha autoridade xudicial.
3. A **solvencia do empresario**:

Establece o apartado quinto de artigo 11 do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, en concordancia co disposto no artigo 92 in fine da LCSP, que salvo que nos pregos do contrato sexa establecido de modo expreso a súa esixencia, os candidatos **estarán exentos**



dos requisitos de acreditación da solvencia económica e financeira e de acreditación da solvencia técnica e profesional para os contratos cuxo valor estimado non exceda de 35.000 euros, como é o caso deste contrato.

4. **Unións temporais de empresas:** os empresarios que concorran á licitación en unión temporal constituída ao efecto deberán indicar os nomes e circunstancias de cada un deles, porcentaxe de participación, representante ou apoderado único da unión con poderes bastantes para exercer os dereitos e cumprir as obrigas que do contrato se deriven ata a extinción do mesmo, e compromiso de constituirse formalmente en escritura pública antes da formalización do contrato no caso de que resultasen adxudicatarios do contrato, de acordo co establecido no artigo 69 da LCSP.

CLÁUSULA OITAVA. Presentación de proposicións e documentación administrativa

O Concello de Toén, de conformidade co disposto nas disposicións adicionais 15, 16 e 17 da LCSP, decidiu que a forma de concorrer a este procedemento de contratación pública sexa únicamente en formato electrónico, mediante a presentación das solicitudes de participación e proposicións a través do Sistema de Licitación Electrónica da Xunta de Galicia (SILEX) accesible desde a seguinte dirección web www.conselleriadefacenda.es/silex. O Sistema de Licitación Electrónica da Xunta de Galicia (SILEX), está regulada pola Orde de 28 de xullo de 2010.

REQUISITOS DOS LICITADORES

- Deben contar cun certificado electrónico válido emitido por unha autoridade certificadora das admitidas polo CIXTEC. A relación dos certificados admitidos pódese consultar na sección “Requirimentos necesarios” do apartado e-trámites.

Requisitos do equipo informático, formatos electrónicos dos documentos e sinatura dixital de ofertas

- Para licitar no SILEX, deberánse cumprir os requisitos básicos que se indican no apartado “Axuda” da páxina principal: www.conselleriadefacenda.es/silex

- A documentación presentada no SILEX debe estar nun dos formatos seguintes: .doc, .odt, .xls, .ods, ppt, pdf, .rtf, .jpg, .bmp, .tiff, ou calquera outro dos admitidos no SILEX.

- Toda a documentación presentada poderá ser asinada dixitalmente a través do Sistema de Licitación Electrónica (SILEX) mediante o certificado dixital do licitador no momento da presentación de ofertas. O Sistema permite asinar dixitalmente a documentación da oferta por unha ou varias persoas.

- Calquera documento asinado dixitalmente con carácter previo á súa incorporación no SILEX deberá vir en formato pdf, e estar asinado co estándar de sinatura “PDF Advanced Electronic Signatures” (PAdES). Para a correcta sinatura dos documentos en formato PAdES, a Administración pon á disposición dos licitadores a aplicación gratuíta SDX-II que permite a sinatura dos documentos pdf de acordo co estándar de sinatura PAdES. A aplicación SDX-II pódese descargar dende a páxina principal do SILEX.

O sistema de licitación electrónica garante que as ofertas enviadas polos licitadores sexan emitidas e rexistradas de forma que sexa imposible coñecer o seu contido salvo no momento e polo persoal autorizado legalmente para elo. A tal efecto, as ofertas son remitidas á unidade que tramita o expedientes, cifradas e fragmentadas.

Será responsabilidade dos licitadores asegurar que as ofertas se envían libres de código malicioso que dificulte ou imposibilite a súa lectura. En calquera caso, a mera presenza de código malicioso na oferta non determinará por si mesma a exclusión desta, sempre que se poida ter acceso ao seu contido.

Se a documentación que se achegue fose xerada por unha entidade ou organismo diferente do



licitador, deberá incluír o código de verificación que permita por parte da Mesa de Contratación a consulta electrónica directa do documento na sede electrónica ou portal da entidade ou organismo que xerou o dito documento. No seu defecto a documentación achegada debe cumprir cos requisitos necesarios que garantan a súa eficacia e validez de acordo co disposto nas seguintes referencias normativas:

- Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.
- Capítulo VII do Decreto 198/2010, de 17 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración Electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dependentes.

En caso de dúbidas sobre o uso do Sistema de Licitación Electrónica (SILEX), pódese contactar co teléfono de atención ao usuario 981541300 e no enderezo electrónico cau@cixtec.es.

PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN

As proposicións, así como as solicitudes de participación, xunto coa documentación preceptiva, presentaranse no dito Sistema de Licitación Electrónica da Xunta de Galicia (SILEX) accesible desde a seguinte dirección web www.conselleriadefacenda.es/silex dita plataforma, dentro do prazo de OITO DÍAS NATURAIS contados a partir do día seguinte ao de publicación do anuncio de licitación no Perfil de contratante do Concello, ata as 14:00 horas. Se o último día do prazo de presentación da documentación fose inhábil, entenderase prorrogado o devandito prazo ao primeiro día hábil seguinte.

As proposicións dos interesados deberanse axustar aos pregos e documentación que rexen a licitación, e a súa presentación supón a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade das súas cláusulas ou condicións, sen excepción ou reserva algunha, así como a autorización á mesa e ao órgano de contratación para consultar os datos recolleitos no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público ou nas listas oficiais de operadores económicos dun Estado membro da Unión Europea.

Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición. Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figurar en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de tódalas propostas por el subscritas.

Toda a documentación das proposicións ou solicitudes presentadas deberá vir redactada en galego ou en castelán. A documentación redactada noutra lingua deberá acompañarse da correspondente tradución oficial ó galego ou castelán.

A documentación a presentar deberá estar integrada por dous sobres:

- Sobre A (Administrativo).
- Sobre C (Económico).

O contido da documentación presentada debe:

- Estar estruturada de forma clara e concisa.
- A proposta non debe incluír referencias a documentos externos ou anexos.
- En todo caso, as empresas estranxeiras presentarán os seus documentos debidamente traducidos de forma oficial ao idioma galego ou castelán.
- Deberá constar un índice de documentación, procurando que o contido da documentación achegada se atope debidamente paxinado

SOBRE A (ADMINISTRATIVO)

Deberá conter **unha declaración responsable** segundo o modelo que figura no anexo I deste prego.



Ademais se se atopa nos seguintes supostos:

1.- Unións Temporais de Empresarios.

Deberase presentar unha única declaración responsable e oferta de criterios valorables en cifras ou porcentaxes conforme ao modelo anterior, subscrita por todas as entidades que constitúan a UTE.

A efectos da licitación, os empresarios que desexen concorrer integrados nunha unión temporal deberán indicar os nomes e circunstancias dos que a constitúan e a participación de cada un, así como que asumen o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal en caso de resultar adxudicatarios do contrato. O citado documento deberá estar asinado polos representantes de cada unha das empresas que compoñen a UTE.

A duración das Unións Temporais de Empresarios será coincidente, polo menos, coa do contrato ata a súa extinción.

2.- Empresas vinculadas.

Unicamente, as empresas pertencentes a un mesmo grupo, entendéndose por tales as que se atopen nalgún dos supostos do artigo 42 do Código de Comercio e que presenten distintas proposicións para concorrer individualmente á adxudicación, deberán presentar declaración na que fagan constar esta condición.

Tamén deberán presentar declaración explícita aquelas sociedades que, presentando distintas proposicións, concorran nalgún dos supostos alternativos establecidos no artigo 42 do Código de Comercio, respecto dos socios que a integran.

SOBRE C (ECONÓMICO)

Presentarase a **oferta económica** segundo o modelo que figura no anexo II deste prego.

Non se aceptarán aquelas que conteñan omisións, erros ou riscadas que impidan coñecer claramente o que a Administración estime fundamental para considerar a oferta. Se algunha proposición non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, excedese do orzamento base de licitación, variase substancialmente o modelo establecido, comportase erro manifesto no importe da proposición, ou existise recoñecemento por parte do licitador de que adoece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable, será refugada pola Mesa de contratación mediante resolución motivada, sen que sexa causa bastante para o rexeitamento o cambio ou omisión dalgunhas palabras do modelo se iso non altera o seu sentido.

CLÁUSULA NOVENA. Garantía provisional

Non se esixe garantía provisional.

CLÁUSULA DÉCIMA. Criterios de adxudicación

Para a valoración das ofertas e a determinación da que sexa a mellor oferta atenderase a varios criterios de adxudicación.

Criterios cuantificables mediante a mera aplicación de fórmulas, por orde de importancia:

1. Oferta económica (canon a satisfacer pola explotación do servizo): ata 5 puntos. Este apartado valorarase obxectivamente atendendo a criterios de proporcionalidade matemática, é dicir, outorgaráselle a maior puntuación ao licitador que realice a mellor oferta, e aos restantes en proporción a esta, por regra matemática de tres.
2. Colocación de mesas e cadeiras na terraza: 1 punto. Este apartado valorarase se se oferta (0 puntos se non se oferta).



En caso de empate por alcanzar dous ou máis licitadores a mesma puntuación, atenderase aos seguintes criterios de desempate:

1. Terá preferencia o licitador que alcanzase maior puntuación no criterio 1 (oferta económica).
2. En segundo lugar, de alcanzar a mesma puntuación dous ou máis licitadores no criterio 1, prevalecerá o licitador que alcanzase a maior puntuación no criterio 2 (colocación de mesas e cadeiras na terraza).
3. En último lugar, de alcanzar a mesma puntuación dous ou máis licitadores no criterio 2, procederase ao desempate mediante sorteo.

CLÁUSULA DÉCIMO PRIMEIRA. Regras especiais respecto do persoal laboral da empresa contratista

1. Corresponde exclusivamente á empresa contratista a selección do persoal que, reunindo os requisitos de titulación esixidos nestes pregos, formará parte do equipo de traballo adscrito á execución do contrato, sen prexuízo da verificación por parte da entidade contratante do cumprimento daqueles requisitos.
2. A empresa contratista procurará que exista estabilidade no equipo de traballo, e que as variacións na súa composición sexan puntuais e obedezan a razóns xustificadas, en orde a non alterar o bo funcionamento do servizo, informando en todo momento á entidade contratante.
3. A empresa contratista asume a obriga de exercer de modo real, efectivo e continuo, sobre o persoal integrante do equipo de traballo encargado da execución do contrato, o poder de dirección inherente a todo empresario. En particular, asumirá a negociación e pago dos salarios, a concesión de permisos, licenzas e vacacións, as substitucións dos traballadores en casos de baixa ou ausencia, as obrigacións legais en materia de Seguridade Social, incluído o abono de cotizacións e o pago de prestacións, cando cumpra, as obrigacións legais en materia de prevención de riscos laborais, o exercicio da potestade disciplinaria, así como cantos dereitos e obrigacións se deriven da relación contractual entre empregado e empregador.
4. A empresa contratista velará especialmente porque os traballadores adscritos á execución do contrato desenvolvan a súa actividade sen extralimitarse nas funcións desempeñadas respecto da actividade delimitada nestes pregos como obxecto do contrato.

CLÁUSULA DÉCIMO SEGUNDA. Mesa de contratación

A mesa de contratación está conformada polas seguintes persoas:

- Presidente: Ricardo González Gómez, alcalde do Concello
- Vogais:
 - Eladio Canal Fernández, 1º tenente de alcalde do Concello
 - Mª da Concepción Martínez Taboada, secretaria-interventora do Concello
 - Milagros Ojea Fernández, AEDL-técnica de xestión do Concello
- Secretaria: Carlota Iglesias López, administrativa do Concello

CLÁUSULA DÉCIMO TERCEIRA. Prerrogativas da Administración.

O órgano de contratación ten as prerrogativas enumeradas no artigo 190 da LCSP.

CLÁUSULA DÉCIMO CUARTA. Apertura de proposicións



A apertura das ofertas realizarase a través de SILEX.

O acto licitatorio desenvolverase, de conformidade co disposto nos artigos 81 a 84 do RGLCAP, nos termos seguintes:

No prazo de cinco días contado a partir do día seguinte a aquel en que finalice o prazo de presentación de proposicións (o día e hora será anunciado no Perfil do contratante) constituirase a mesa de contratación para a cualificación dos documentos presentados en tempo e forma no Sobre A (Administrativo), formalizándose a acta correspondente. Se non existisen deficiencias que emendar, de seguido procederase á apertura do Sobre C (Económico) no despacho da Secretaría-Intervención municipal.

Noutro caso, a mesa de contratación, se observase defectos ou omisións emendables na documentación presentada, comunicarllo aos interesados a través da plataforma Notific@ (dispoñible a través da sede electrónica do Concello de Toén -<http://concellodetoen.sedelectronica.es>-), sistema que remitirá ás persoas interesadas avisos da posta a disposición da notificación á conta de correo que consten na documentación administrativa do arquivo electrónico A, sen prexuízo de que as circunstancias sinaladas se fagan públicas a través do perfil de contratante. Nesta comunicación concederáselle un prazo non superior a tres días hábiles (artigo 41 LCSP) para a corrección ou rectificación dos defectos ou omisións ante a mesa de contratación, procedéndose á apertura en acto público do arquivo electrónico C, no día e hora que será anunciado a través do Perfil do contratante, no despacho da Secretaría-Intervención municipal.

A mesa de contratación, previa solicitude e análise, no seu caso, dos informes técnicos ou xurídicos que estime pertinentes relacionados co obxecto do contrato, presentará as proposicións coa acta correspondente e a proposta que estime pertinente ao órgano de contratación para a adxudicación do contrato.

CLÁUSULA DÉCIMO QUINTA. Requirimento da documentación

O órgano de contratación clasificará as ofertas presentadas e admisibles por orden decrecente de cualificación en atención aos criterios de adxudicación, e requirirá ao licitador que presente a mellora oferta que, dentro do prazo de dez días hábiles contados desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación xustificativa do cumprimento dos requisitos previos a que fai referencia o artigo 140 da LCSP así como de estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria do Estado e da Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social, e de ter constituído a garantía definitiva que sexa procedente.

O momento decisivo para apreciar a concorrancia dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar coa Administración será o da finalización do prazo de presentación das proposicións.

Nos casos en que o empresario recorra á solvencia e medios doutras empresas de conformidade co previsto no artigo 75 da LCSP, achegarse tamén a documentación acreditativa relativa ás mesmas.

Nos supostos de que varios empresarios concorran agrupados nunha unión temporal, achegarse a documentación acreditativa relativa a cada unha delas.

De non cumprimentarse axeitadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o



licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixirlle o importe do 3% do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade, e procederase a requirir a mesma documentación ao licitador seguinte, por orde en que quedasen clasificadas as ofertas.

CLÁUSULA DÉCIMO SEXTA. Garantía definitiva.

O licitador que presente a mellor oferta deberá acreditar a constitución da garantía por importe de 500,00 €.

Esta garantía poderá prestarse nalgunha das seguintes formas:

- a) En efectivo ou en valores de débeda pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas nas normas de desenvolvemento desta lei. O efectivo e os certificados de inmovilización dos valores anotados depositaranse na Caixa Xeral de Depósitos ou nas súas sucursais encadradas nas delegacións de Economía e Facenda, ou nas caixas ou establecementos públicos equivalentes das comunidades autónomas ou entidades locais contratantes ante as cales deban producir efectos, na forma e coas condicións que as normas de desenvolvemento desta lei establezan.
- b) Mediante aval, prestado na forma e condicións que establezan as normas de desenvolvemento desta lei, por algún dos bancos, caixas de aforro, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que se deberá depositar nos establecementos sinalados na alínea a) anterior.
- c) Mediante contrato de seguro de caución, subscrito na forma e condicións que as normas de desenvolvemento desta lei establezan, cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo. O certificado do seguro deberase entregar nos establecementos sinalados na alínea a) anterior.

A garantía non será devolta ou cancelada ata que se produza o vencemento do prazo de garantía e se cumpra satisfactoriamente o contrato.

CLÁUSULA DÉCIMO SÉTIMA. Adxudicación do contrato

Unha vez recibida a documentación solicitada, o órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos tres días hábiles seguintes á recepción da documentación.

En ningún caso poderá ser declarada deserta unha licitación se existe algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que recolle este prego.

A adxudicación, que deberá ser motivada, notificarase aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante.

A notificación deberá conter, en todo caso, a información necesaria que permita ao licitador excluído ou ao candidato descartado interpoñer un recurso suficientemente fundado contra a decisión de adxudicación. En particular expresará os seguintes aspectos:

- En relación cos candidatos descartados, a exposición resumida das razóns polas que se rexeitou a súa candidatura.
- Respecto dos licitadores excluídos do procedemento de adxudicación, tamén de forma resumida, as razóns polas que non se admitiu a súa oferta.
- En todo caso, o nome do adxudicatario, as características e vantaxes da proposición do adxudicatario que determinasen a selección da súa oferta con preferencia sobre as que



- presentasen os restantes licitadores cuxas ofertas fosen admitidas.
- Na notificación e no perfil do contratante indicárase o prazo en que se debe proceder á súa formalización.

CLÁUSULA DÉCIMO OITAVA. Formalización do contrato

A formalización do contrato en documento administrativo farase dentro dos oito días hábiles seguintes á data da notificación da adxudicación; o dito documento constituirá título suficiente para acceder a calquera rexistro público.

De conformidade co disposto no artigo 154 da LCSP, a formalización do contrato, xunto co correspondente contrato, publicarase no perfil do contratante no prazo de quince días desde o seu perfeccionamento.

Cando, por causas imputables ao contratista, non se puidese formalizar o contrato no prazo indicado, esixiráselle o importe do 3% do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade, e o contrato adxudicárselle ao seguinte licitador pola orde na que quedasen clasificadas as ofertas, previa presentación da documentación establecida na cláusula décimo quinta deste prego e nos prazos previstos na mesma.

CLÁUSULA DÉCIMO NOVENA. Dereitos e obrigas do adxudicatario

Son obrigas do adxudicatario:

- O adxudicatario estará obrigado a utilizar o local para destinalo a bar.
- Ocuparse das tarefas de mantemento e limpeza do bar, manténdoo en perfectas condicións.
- Instalar o mobiliario necesario para o funcionamento das instalacións.
- Responder das avarías que se ocasionen nas instalacións do bar, sempre que sexa por negligencia do adxudicatario, ou polo uso anormal destas, respondendo mesmo dos danos producidos polos usuarios.
- Manter en perfectas condicións, salvo os desgastes normais producidos polo uso, o material recibido.
- adxudicatario estará obrigado a manter o inmovible en perfectas condicións hixiénico-sanitarias, realizando os labores necesarios de limpeza de todas as dependencias deste.
- adxudicatario, en caso de pretender instalar algún tipo de terraza, solicitarallo ao Concello e seguirá as instrucións que este lle dite.
- Deberase tratar ao público con corrección, dentro das normas de convivencia cidadá.
- Non se poderán superar os (45 db) de son entre as 8 horas e 22 horas, medidos no exterior.
- Deberá conservar á súa custa os elementos mobles do local.
- Deberá cumprir as obrigas relativas á Seguridade Social e á prevención de riscos laborais respecto dos traballadores empregados no local.
- Deberá presentar unha proba de subscripción de póliza de seguro en vigor de responsabilidade civil, que cubra as actividades propias do contrato cun capital mínimo de 150.000 €.

En reciprocidade coas obrigas detalladas con anterioridade o adxudicatario terá dereito a:

- Explotación do bar durante o período de duración do contrato.
- Utilizar os bens de dominio público que sexan necesarios para o desenvolvemento da actividade.

CLÁUSULA VIXÉSIMA. Execución do contrato



O contrato executarase con suxeición ao establecido neste prego de condicións, de acordo coas instrucións que o órgano de contratación lle dea ao contratista para a súa interpretación.

CLÁUSULA VIXÉSIMO PRIMEIRA. Persoa responsable do contrato

De conformidade co disposto no artigo 62 da LCSP, o segundo tenente de alcalde e concelleiro da área de xuventude e deporte do Concello de Toén, Víctor Viéitez Villar, ostentará a condición de responsable do contrato, con funcións de supervisión da correcta execución da prestación. As instrucións ditadas en interpretación do contrato pola dita persoa responsable, serán vinculantes para o adxudicatario.

CLÁUSULA VIXÉSIMO SEGUNDA. Modificación do contrato

Non se prevén modificacións do contrato.

CLÁUSULA VIXÉSIMO TERCEIRA. Resolución do contrato

A resolución do contrato producirase nos supostos que se sinalan neste prego e nos fixados nos artigos 211 e 313 da LCSP, e será acordada polo órgano de contratación, de oficio ou por instancia do contratista.

Cando o contrato sexa resolto por culpa do contratista, a Administración incautará a garantía definitiva, sen prexuízo da indemnización polos danos e perdas orixinados á Administración no que excedan do importe da garantía.

CLÁUSULA VIXÉSIMO CUARTA. Réxime xurídico do contrato

Este contrato ten carácter administrativo e a súa preparación, adxudicación, efectos e extinción rexeranse polo establecido neste prego; para o non previsto nel, será de aplicación a LCSP; o Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, e o Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, en todo o que non se opoña á LCSP. De maneira supletoria, aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, na falta delas, as normas de dereito privado.

A orde xurisdiccional contencioso-administrativa será a competente para resolver as controversias que xurdan entre as partes deste contrato, de conformidade co disposto no artigo 27.1 da LCSP.

Toén, na data de sinatura electrónica.

O alcalde
(Documento asinado electronicamente)

**ANEXO I: DECLARACIÓN RESPONSABLE
CONTRATACIÓN DA EXPLOTACIÓN DO BAR DAS PISCINAS MUNICIPAIS DO
CONCELLO DE TOÉN DURANTE A TEMPADA DE VERÁN 2024**

EXP. 378/2024

D./Dna. _____, con DNI nº _____,

Concello de Toén

Ribadela, 1. 32930 Ourense - Tfno. 988261074 - Fax: 988261272 - CIF: P3208200J - www.toen.es - concello.toen@eidolocal.es



en nome (propio ou da empresa á que representa) _____
_____, con NIF _____,
domicilio fiscal en _____ e
teléfono _____, decatado/a do anuncio publicado no Perfil de Contratante do Concello de Toén,
e das condicións, requisitos e obrigas sobre protección e condicións de traballo que se esixen
para a adxudicación do contrato.

DECLARO baixo a miña responsabilidade:

1. Que son certos os datos que se indican nesta declaración responsable.
2. Que coñezo e acepto incondicionalmente, sen excepción ou reserva ningunha, o prego de cláusulas administrativas particulares, o prego de prescricións técnicas particulares e, de ser o caso, o proxecto de obra, así como a restante documentación de carácter contractual que regula a licitación de referencia.
3. Que se cumpren os requisitos de capacidade de obrar para contratar coa Administración que esixen os artigos 65 e 84 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).
4. Que teño poderes abondo para representar a entidade licitadora (no caso de persoas xurídicas).
5. Que se cumpren os requisitos de solvencia económica, financeira, técnica ou profesional ou ben, de ser o caso, de estar en posesión da clasificación necesaria para a realización do obxecto do contrato, de acordo co esixido no prego de cláusulas administrativas particulares.
6. Que nin o asinante da declaración nin a entidade que represento, nin ningún dos seus administradores ou representantes se atopan incursos en ningún suposto aos que se refire o artigo 71 da LCSP.
7. Que me comprometo a dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais e materiais suficientes para este fin que, de ser o caso, esixa o prego.
8. Que a entidade que represento, de acordo co artigo 140.3 da LCSP, achegará ante o órgano de contratación ou a mesa de contratación, cando lle sexa requirido para o bo desenvolvemento do procedemento, a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos, en calquera momento anterior á adopción da proposta de adxudicación.
9. Que non forma parte dos órganos de goberno ou Administración da entidade ningún alto cargo a que se refire a Lei 3/2015, do 30 de marzo, reguladora do exercicio do alto cargo da Administración xeral do Estado; da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas; da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; nin se trata de calquera dos cargos electivos regulados na Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, nos termos establecidos nela.
10. Que estou (ou a entidade que represento está) ao día no cumprimento das obrigas tributarias, facenda estatal e autonómica e coa Seguridade Social, impostas polas disposicións vixentes.
11. Que a entidade que represento está dada de alta na matrícula correspondente do Imposto de actividades económicas, segundo o disposto no artigo 15 do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP), e que:
 Está ao día no pagamento.
 Está exenta, de conformidade co artigo 82.1 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
12. Que a persoa que declara (ou a entidade que represento) está inscrita no Rexistro de Licitadores que a continuación se indica (márquese o que corresponda), e que as circunstancias que nel figuran respecto dos requisitos esixidos para a admisión no procedemento de contratación son exactas e non experimentaron variación.

Está ao día no pagamento.



Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (nº de inscrición _____)

Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia (nº de inscrición _____)

13. Que, en relación co establecido no artigo 149.3 da LCSP e no artigo 86 do RXLCAP sobre empresas vinculadas, a entidade mercantil que represento (consígnese o que proceda):

Non pertence a un grupo de empresas nin está integrada por ningún socio no cal concorra algún dos supostos establecidos no artigo 42 do Código de comercio.

Pertence ao grupo de empresas ou está integrada por algún socio no cal concorre algún dos supostos do artigo 42.1 do Código de comercio. A denominación social das empresas vinculadas é a seguinte (se a relación de empresas é moi extensa xuntarse en

documento anexo):

a)

b)

c)

14. Que, de acordo co disposto nos artigos 86 do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas e 149 da LCSP, a entidade que represento comprométese a achegar ou, se é ou caso, facilitar canta información lle sexa solicitada, no caso de pertencer a un grupo de empresas

15. Que o enderezo de correo electrónico no que efectuar notificacións electrónicas é

16. Que a empresa á que representa, ten a cualificación de PEME (consignar o que proceda):

Si

Non

(Para os efectos de cumprimentar este apartado considerase PEME a empresa que ocupa a menos de 250 persoas e cun volume de negocio anual que non excede de 50 millóns de euros ou cun balance xeral que non excede de 43 millóns de euros).

17. [Só no caso de empresa estranxeira] Que me someto á xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional que puidese correspondernos.

Data e sinatura da persoa licitadora

ANEXO II: OFERTA ECONÓMICA

CONTRATACIÓN DA EXPLOTACIÓN DO BAR DAS PISCINAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE TOÉN DURANTE A TEMPADA DE VERÁN 2024

EXP. 378/2024

D./Dna. _____, con DNI nº _____,
en nome (propio ou da empresa á que representa) _____

_____, con NIF _____ e
domicilio fiscal en _____

decatado/a do anuncio publicado no Perfil de Contratante do Concello de Toén, e das condicións establecidas nos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas publicados e que declaro coñecer;

COMPROMÉTOME a levar a cabo o obxecto do contrato de acordo coa seguinte oferta económica:

1. Canon a satisfacer sen IVE: €
2. Importe do IVE (21%): €

Concello de Toén

Ribadela, 1. 32930 Ourense - Tfno. 988261074 - Fax: 988261272 - CIF: P3208200J - www.toen.es - concello.toen@eidolocal.es





**CONCELLO DE
TOÉN**

3. Total (1 + 2): €

COMPROMÉTOME á colocación de mesas e cadeiras na terraza (márquese o que proceda):

Si

Non

Na elaboración desta oferta tivéronse en conta as obrigas derivadas das disposicións vixentes en materia de fiscalidade, protección do medio ambiente, protección do emprego, igualdade de xénero, condicións de traballo, prevención de riscos laborais e inserción sociolaboral das persoas con discapacidade.

Data e sinatura da persoa licitadora

